



## **A Concellería de Comercio do Concello de Tui, lanza a campaña TUI É UN AMOR, NAMÓRATE DE TUI.**

### **CRITERIOS DA CAMPAÑA.**

1. A campaña integra unicamente ao comercio e hostalaría que se adherise a campaña.
2. Sortearanse un total de 10 vales de 30€ cada un.
3. A campaña comezará o 7 de febreiro e rematará o 14 de febreiro (ambos incluídos).
4. Para obter unha rifa, os clientes terán que facer unha compra mínima de 10€ en comercio, ou un consumo mínimo de 5€ en hostalaría.
5. Só se dará unha rifa por compra ou consumición, sempre e cando se cumpran as condicións do punto 4 de esta campaña.
6. Na realización do sorteo, se saíse a mesma persoa, procederase a sacar outra papeleta. (Só se entregará un vale por persoa).
7. O sorteo celebrarase en directo a mañá do 25 de febreiro, na Radio Municipal de Tui. De todas formas chamarase aos agraciados que facilitaron o seu teléfono para informarlles que resultaron gañadores.
8. Os vales serán xestionados a través da Asociación de comerciantes de Tui (ACITUI) en calidade de colaboradora de esta campaña.
9. Para obter o premio, debera presentarse a persoa da papeleta e achegar o ticket de compra que corrobore o mínimo de compra esixido, e que a compra se realizase nas datas que comprende a campaña.
10. Os vales só se poderán empregar nos establecementos asociados a esta campaña, e deberá gastarse integramente nun único establecemento no prazo máximo de 3 meses dende a data do sorteo.
11. O incumprimento de calquera dos apartados anteriores, será motivo suficiente para denegar a entrega do vale.

